



**VAS DEIXAR
QUE NOS SIGAN
ENTERRANDO
EN VIDA?**

A GUDIÑA

**POR UN TREN
2 DE ÚTIL
AGOSTO ÁS 18:30
A GUDIÑA
AGARDÁMOSTE!!**



CONCELLO DE OÍMBRA

ANA MARÍA VILLARINO PARDO COMO ALCALDESA DO CONCELLO DE OÍMBRA

Fago saber:

Que o vindeiro sábado 2 de agosto, ás 18:30 horas, terá lugar unha manifestación nas inmediacións da **antiga estación de tren de A Gudiña**, convocada pola Plataforma Defensa ao Tren, co obxectivo de reclamar a recuperación das frecuencias ferroviarias suprimidas e a mellora dos servizos ferroviarios na comarca.

O tren non é só un medio de transporte senón un dereito da cidadanía e un elemento clave para garantir a dignidade das persoas que viven no rural. A súa supresión é unha discriminación inxusta que afecta á mobilidade, a igualdade de oportunidades e ao desenvolvemento do noso territorio.

[O pasado 9 de xuño de 2025 RENFE tomou a decisión de eliminar varias dos horarios de paso pola estación da Gudiña Porta de Galicia. Estas novas frecuencias supoñen que o tren deixa de ser útil na nosa comarca, tanto para os que vivimos nela, como para os que se desprazan a ela.

Por todo isto, **desde o CONCELLO DE OÍMBRA** animamos a toda a veciñanza a participar activamente nesta mobilización cidadá, para defender un tren útil, digno, accesible e de calidade para todas e todos.

Para facilitar a participación, habilitarase un autobús, sempre que se cubran as prazas, será preciso anotarse previamente no CONCELLO DE OÍMBRA no número 988 42 61 60, o prazo para facelo será ata o Xoves día 31 de Xullo.

Porque defender o tren é defender o noso futuro, os nosos dereitos e a dignidade da nosa vila.